

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria de Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 18 de febreiro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 3/11, do 4 de febreiro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 04/02/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 43/2011, interposto por don Manuel Curros Couso e Axa Seguros Generales, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 28/01/2011, recaída no PA 293/2010, interposto por Caneiro y Lorenzo Gestión, SL, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia do 11/02/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 506/2010, interposto por don José María López Boo, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia do 11/02/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 37/2011, interposto por dona Guillermina Díaz Rodríguez, sobre responsabilidade patrimonial.

6.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 23/12/2010, recaída en recurso de apelación nº 0004534/2009, interposto por esta Deputación provincial contra a sentenza do 29/05/2009, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número tres dos da Coruña no procedemento ordinario nº 51/2008, seguido contra o Concello da Laracha, sobre a aprobación dos proxectos de compensación e de urbanización da “Área de repartición número AR-S3, Buenos Aires”.

7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 11/02/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no acto de conciliación nº 1643/2010, seguido a pedimento de dona Isabel Méndez Mena, ante o Xulgado de Primeira Instancia número nove dos da Coruña.

8.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 07/02/2011, recaída en recurso nº PO 369/09, interposto por

Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea “AENA”, sobre liquidacións do IBI, exercicio 2008, correspondentes aos municipios de Boqueixón e O Pino.

Persoal

9.-Aboamento de cantidades por traballos extraordinarios a persoal funcionario do Servizo de Patrimonio e Contratación en concepto de produtividade adicional. Base 44.

10.-Autorizar a realización de traballos extraordinarios aos funcionarios D. Jesús Pérez Fernández, M^a Victoria García López e Ana Beatriz Álvarez Blanco, exercicio 2011.

11.-Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do 25.11.2010, aprobatorio da convocatoria e bases do proceso selectivo de consolidación de emprego temporal. Prazas: Administrativa/o Admón. Xeral. Recorrente: Dono Gómez, María Carmen, funcionaria de carreira.

Asistencia Técnica a Municipios

12.-Aprobar o informe relativo ao Plan especial de dotacións para o establecemento dun centro docente en solo rústico de protección ordinaria á vía DP 1902 Carballo-Razo.

13.-Aprobar o informe relativo á avaliación de impacto ambiental do proxecto “Base contra incendios en Galicia: heliporto da base de Lomba, T.M. de Santa Comba”.

14.-Aprobar o informe relativo á avaliación de impacto ambiental do proxecto “Conexión da autoestrada AP-9, do Atlántico, coa autovía A-54, Santiago-Lugo.T.M. Santiago de Compostela (A Coruña)”.

Patrimonio e Contratación

15.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se inicia o expediente de resolución de contrato de obras de “Reformado do de instalación de gas natural no Colexio Calvo Sotelo”.

16.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se inicia o expediente de resolución de contrato de “Consultoría e asistencia para elaborar os inventarios de bens para os municipios da provincia IV Fase”.

17.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a contratación do espazo para a participación da Deputación na 12^a edición do Salón Galego de Gastronomía e Turismo, Xantar 2011.

18.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar o contrato de adquisición de sinalización direccional turística para as comarcas de Ferrol-Ortegal, dentro do Plan de dinamización de produto turístico Ferrol-Ortegal.

19.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar a contratación da organización da felicitación de Nadal 2010.

20.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar a contratación da subministración dun ordenador Netbook con destino á Sección de Formación.

21.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de licenzas de Microsoft Office Professional Edition e Microsoft Access para a Deputación Provincial da Coruña.

22.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar o contrato de servizos de introdución de novas funcionalidades no sistema para a xestión integral do Boletín Oficial da Provincia en formato electrónico (e-BOP).

23.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar o contrato de participación da Deputación na Feira Fitur 2011.

24.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor de servizos para un Programa para promover a difusión das actividades e investimentos desenvolvidos nos seus diferentes ámbitos competenciais pola Deputación da Coruña nos municipios da provincia e realizar un seguimento detallado das actividades culturais, deportivas e sociais.

25.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor de servizos para a empresa Kantar Media SA.

26.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor de servizos para realizar o servizo xeral de información con carácter inmediato, sobre acontecementos a nivel local, provincial e autonómico e nacional.

27.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar un Programa para promover a difusión das actividades e investimentos desenvolvidos nos

seus diferentes ámbitos competenciais pola Deputación Provincial da Coruña nos municipios da provincia e resaltar o potencial económico e turístico destes.

28.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar un Programa para promover a difusión das actividades e investimentos desenvolvidos nos seus diferentes ámbitos competenciais pola Deputación Provincial da Coruña nos municipios da provincia e resaltar o potencial económico e turístico destes.

29.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a asistencia á Deputación para a redacción dos proxectos: mellora de seguridade viaria en DP 5815 Mera a Veigue PK 2+200 a PK 3+440 (Sada); mellora de seguridade viaria na DP 5815 Mera a Veigue, novo acceso ao núcleo de Mera (Oleiros); mellora de seguridade viaria en DP 1004, ampliación ponte PK 3+150 Río Tambre (Mesía e Boimorto).

30.-Aprobar a contratación e o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar os servizos de organización e coordinación dun laboratorio teatral durante o ano 2011.

31.-Adxudicar o contrato de xestión de actividades de formación e divulgación incluídas dentro das actuacións C5, C6 e C7 do Proxecto Mandeo, cofinanciado nun 70% por Fondos Feder dentro do eixe 5 “Desenvolvemento local e urbano sustentable”.

32.-Resolución do contrato e adxudicación do lote do contrato de Impartición de accións formativas 2010 no marco do proxecto Rede Xiana (Apoio á obtención do permiso de condución tipo B na Coruña).

33.-Adxudicar o contrato de servizo de avaliación externa do proxecto Parnet-Tic.

34.-Adxudicar o contrato de ampliación da licenza da aplicación Sicalwin para implantar a facturación electrónica na Deputación Provincial da Coruña.

35.-Aprobar o contrato menor de subministración de 1.500 exemplares do número especial “Feiral 2011” da revista HG&T (Hostalería Galega e Turismo).

36.-Aprobar a modificación do contrato de determinación do tipo de bens e subministración dunha caseta institucional da Deputación Provincial da Coruña (Deseño e construción) así como a súa montaxe, desmontaxe, transporte e atención da caseta en feiras, durante as tempadas 2010 a 2012.

37.-Aprobar o contrato menor de realización dun taller denominado “Descubrinto a ciencia” para nenos entre catro e seis anos, na Biblioteca provincial.

38.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de inglés denominado “Told stories” para nenos de tres anos na Biblioteca provincial.

39.- Aprobar o contrato menor de realización dun “Taller de lectura para adultos” e un curso de “Taller de animación á lectura con escritores contemporáneos” na Biblioteca provincial.

40.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller “Que me contas?” para nenos de tres anos na Biblioteca provincial.

41.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de “Contos de plastilina” para nenos de entre catro e seis anos, na Biblioteca provincial.

42.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de “Iniciación con fundamento á fotografía dixital” para adultos na Biblioteca provincial.

43.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de inglés-iniciación, outro de inglés-nivel intermedio e outro de inglés-nivel perfeccionamento na Biblioteca provincial.

44.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de arte para adultos titulado “A mirada da muller na arte” na Biblioteca provincial.

45.- Aprobar o contrato menor de realización dun taller de teatro lido composto por “Los entremeses” de Cervantes, para adultos na Biblioteca provincial.

46.-Aprobar o contrato do espazo para que a Deputación participe no II Salón Turístico de Galicia, Turexpo 2011.

47.-Modificar o contrato de redacción do proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares fotovoltaicas para xerar enerxía eléctrica en instalacións municipais da provincia da Coruña.

48.-Desestimación das alegacións e resolución do contrato de Centro Etnográfico de Curtis.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

49.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnica particulares para contratar os servizos de difusión e sensibilización na xestión de riscos costeiros como parte das actividades que vai executar a Deputación da Coruña no proxecto Ancorim.

50.-Aprobar a realización dun contrato menor para financiar a “Realización ou actualización de diversas instalacións e centros da Deputación da Coruña”.

51.-Aprobar o contrato menor de inspección e estudo de patoloxía en soportes do solo técnico da Oficina de Recadación da Coruña.

52.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2010, sexta fase: ensanche e mellora da DP 1101 de Triñáns á estrada de Boiro á ponte de San Francisco (Boiro).

53.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2010, undécima fase: DP 5708 Acceso á igrexa de Argalo, ensanche e mellora PK 1+380 ao PK 1+620 (Noia); reparación pavimento e mellora de drenaxe na estrada 3802, rúa Rosalía de Castro (Ordes).

54.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de sendas peonís 2010, cuarta fase: mellora de seguridade viaria na DP 7504: senda peonil en Castelo a Carnoedo PK 1+510 ao PK 2+180 (Sada).

55.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2010, fase 12: mellora de sinalización vertical, sinais P-24, zonas A e B; mellora de sinalización vertical, sinais P-24, zonas C e D.

56.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2010, décima fase: mellora da capa de rodaxe na DP 5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia (Ordes).

57.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar as obras incluídas no Plan de sendas peonís 2010, quinta fase: mellora da seguridade viaria na DP 7506, senda peonil no PK 0+450 a 1+350 (Sada).

58.-Aprobar o contrato menor de servizos para contratar a organización dunha campaña de dinamización lingüística en centros de educación primaria (1º e 2º ciclo) de ámbito urbano da provincia da Coruña.

59.- Aprobar o contrato menor de servizos para contratar a itinerancia dunha exposición gráfica e audiovisual: “A lingua galega, historia e dereitos lingüísticos”, en 8 concellos da provincia.

ROGOS E PREGUNTAS